

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO 2 DE XULLO DE 2007

1.- Proposta da alcaldía relativa a corrección de erro no punto número 1 da sesión de data 25 de xuño de 2007 sobre a delegacións de competencias da Xunta de Goberno Local.

Procédese á corrección do erro.

2.- Solicitudes de licenzas de obras.

FAVORABLES.-

964/06.- Teleco Galicia, S.L.- Nave no Polígono de Boisaca, parcela C-9 do SUNP-34, e apertura (Lap/201/06) de almacén de instalacións eléctricas.-

40/06.- Inmobiliaria Outeiro de Sar Oudesa, S.L.- Derruba de vivendas unifamiliares existentes na AE núm.1 do Peri de Outeiro.-

471/07.- José Lamas Orgueira.- Legalización de galpón dedicado a caldeira e depósito de instalación da calefacción da vivenda unif. sita en Brañas, no Lugar de Rebordaos.

604/06.- Plavimundo, S.L.- Edificio de 4 viv.na Rúa Agra do Vieiro.-

CAMBIO DE TITULARIDADE.-

1123/97.- M^a Luz García Negreira.- Viv.unif. en Tras Cuartel de Sta Isabel: cambio de titularidade a prol da entidade Promociones Sieira García, S.L.- (+).-

DEVOLUCIÓNS FIANZAS.-

1422/07.- José Otero Pombo.-Expte.....1848/04.....2.000 €.-

1025/07.- M^a Victoria Seoane Garabal.-Expte.....785/04.....4.500 €.-

1093/07.- Rios Sánchez e Hijos Promociones, S.L.....Expte.....885/04.....4.500 €.-

1094/07.- Manuel Otero González.-Expte.....1713/02.....5.385 €.-

953/07.- José Liñares García.-Expte.....1153/02.....2.500 €.-

885/07.- Bernardo García Martínez, en repr. de Vicente García Porto, S.L.- Fianza por garantía da urbanización da U de Actuación de Sánchez Freire núm.83.....7.150.472 ptas..... (42.975,20 €).-

507/05.- Santiago Cajaraville Soutullo.-Expte.....1645/02.....10.000 €.-

1423/07.- José Otero Pombo.-Expte.....1845/05.....15.000 €.-

1330/07.- Julio Rey Doce.-Expte.....1617/02.....161.218,79 €.-

1329/07.- Julio Rey Doce.-Expte.....269/04.....3.000 €.-

877/07.- Jorge Rios Taboada.-Expte.....616/06.....12.000 €.-

886/07.- Bernardo García Martínez.-Expte...1732/00....700.000 ptas (4.207,8€).-

884/07.- Bernardo García Martínez.-Expte...1845/99...428.000 pts. (2.572,33 €).-

1257/07.- Lucia Juan Rarís García.-Expte...1730/06.....3.000 €.-

851/07.- Camara Oficial de Comercio.-Expte...2022/03.....6.000 €.-

APERTURAS.-

Lap/250/04.- Edmundo Estévez Raña.- Café-bar (Club de Fumadores) na Avda. Rosalía de Castro núm.128.-

Lap/312/05.- Rodrigo Balboa Rodeiro.- Apertura cafetería na Rúa de Melide núm.13.-

6.- Proposta da concelleira de Seguridade Cidadá relativa á adquisición de diverso material para o persoal do Servizo de Extinción de Incendios.

Apróbase a adxudicación do equipamento do seguinte xeito:

- 76 unidades de Mono Cotex. á empresa ITURRI, SA, por un importe de 5.257,68 euros.

- 76 pares de botas á empresa CURTIDOS GALAICOS, SL, por un importe de 4.743 euros.

- 76 cubrenucas aluminizados para casco F1 de bombeiro, á empresa PEYCAR, SL, por un importe de 1.675 euros.
 - 76 unidades de caixa contedor de máscara de protección respiratoria, á empresa DRÄGER SAFETY HISPANIA, SA, por un importe de 3.318,92 euros.
 - 100 gorras, á empresa SENANDE, SL, por un importe de 272,60 euros.
 - 132 unidades de guante, á empresa DUERTO, SL, por un importe de 1.011,71 euros.
- O gasto correspondente aos suministros anteriores ascende a un total de 16.278 euros.

7.- Adxudicación do Servizo de Centro de Atención ao Usuario (CAU) integrado no departamento de Informática do Concello de Santiago de Compostela.

Apróbase a adxudicación á empresa TECNOCOM, SA, por un importe de 74.000 euros.

8.- Adxudicación do Subministro de ordenadores persoais para o Concello de Santiago de Compostela.

Apróbase a adxudicación do devandito subministro á empresa TECNOCOM, SA, por un importe de 83.500 euros.

9.- Adxudicación das Obras incluídas na separata do proxecto de Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas (Convenio 2005-2006).

Apróbase a adxudicación da licitación de referencia á empresa UTE CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRAS, SL-REYCONS, SL, por importe de 199.800 euros e un prazo de execución de 6 semanas.

10.- Adxudicación das Obras de Reforzo do firme na vía pública M-8-IV en GRIXOA, incluídas no POS 2007 da Excm. Deputación Provincial da Coruña.

Apróbase a adxudicación á empresa OVIGA, SL, por importe de 145.820 euros.

11.- Adxudicación das Obras de Acondicionamento da praza de A MUIÑA.

Adxudícanse as obras á empresa CESPAA, SA, por importe de 137.225 euros.

12.- Adxudicación das Obras de Reforma da oficina municipal de Atención ao Contribuínte.

Adxudícanse as obras á empresa CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRÁS, SL, por importe de 57.500 euros.

13.- Adxudicación de Asistencia técnica para a dirección superior, a dirección media e a coordinación de seguridade e saúde das obras de construción da ESCOLA INFANTIL do POLIGONO DO TAMBRE.

Adxudícase a devandita asistencia técnica á empresa COLL & SLAFER ASOCIADOS, SL, por importe de 15.785 euros.

14.- Adxudicación do Servizo de ampliación da rede intranet de Servizos Sociais.

Adxudícase o servizo á empresa ZOZO, SL, por importe de 24.766 euros.

15.- Adxudicación das Obras de Acondicionamento de carril de servizo na N-550 (pk 61.995 A pk 62.940).

Adxudícanse as obras á empresa CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRÁS, SL, por importe de 209.136 euros. (Entre a rotonda das Fontiñas e a rotonda da Avenida de Lugo)

16.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación da Asistencia técnica para a dirección superior e media e a coordinación de Seguridade e Saúde das obras de Urbanización dos terreos municipais para Zona Deportiva en San Lázaro (fase I).

Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por concurso e procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 63.725 euros.

17.- Corrección de erro do punto nº 6 do acordo da Xunta de Goberno Local de 11.06.2007 relativo a adxudicación das obras de reforzo de firme na vía pública R-23-IV a Lamascal.

Procédese á corrección do erro.

18.- Propostas do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativas ao apoio do Concello a diversos proxectos empresariais.

Acórdase apoiar o proxecto empresarial de Ana Belén Fuentes López, "IN-DESAIN".

19.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á solicitude de subvención para a Escola Municipal de Música.

Acórdase solicitar unha subvención á Consellería de Educación para o mantemento da Escola Municipal de Música, que non poderá superar a cantidade de 32.000 euros.

20.- Aprobación da liquidación dos gastos do "Antroido 2007".

Apróbase a liquidación dos gastos do Antroido 2007, que arroxa as seguintes cifras:

Gastos aprobados: 126.830 euros.

Gastos realizados: 132.745 euros.

Déficit da actividade: 5.915 euros (serán asumidos pola Concellaría de Festas).

21.- Proposta do concelleiro delegado de Cultura relativa á xustificación do primeiro pago dun convenio.

Infórmase favorablemente a aprobación da xustificación do primeiro pago do convenio de colaboración coa Sala Yago, por importe de 6.250 euros.

22.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa a solicitude de subvención para a realización de programas de apoio a familias monoparentais.

Acórdase solicitar á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar unha subvención para a realización de programas de apoio a familias monoparentais e, en concreto, para o servizo de atención domiciliar da infancia, por importe de 56.301 euros, cantidade que representa o 70% do importe total consignado para este servizo, que ascende a 80.430 euros. O Concello asumirá o financiamento do 30% restante (24.129 euros).

23.- Proposta do concelleiro delegado de Mercados relativa á comunicación á Consellería de Innovación e Industria sobre o Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Vivenda, a Consellería de Innovación e Industria e o Concello, para a realización e financiamento das obras de remodelación do Mercado de Abastos de Santiago.

Acórdase comunicar á Consellería de Innovación e Industria as variacións introducidas ao obxecto de que realicen os trámites que correspondan cara a modificación do texto do convenio, de xeito que se recollan as mesmas.

24.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego e Comercio relativa á confirmación do acordo nº 2 da Xunta de Goberno Local de data 29/12/06.

Confírmase integramente a resolución da devandita Xunta de Goberno, pola que se lle concedía a un recorrente o importe de 144 euros en concepto de incentivos á creación de novas empresas "Compostela Activa 2006".

25.- Ampliación do acordo nº 18 da sesión de data 23 de abril de 2007 relativo á prórroga do contrato de mantemento, conservación e reparación das instalacións semaforicas de regulación do tráfico centralizado e actualización do prezo.

Acórdase a prórroga do contrato suscrito coa UTE SAINCO TRÁFICO, S.A.- DAVIÑA, S.L. por un ano máis, a contar dende o 1 de agosto de 2007, coa actualización de prezo de acordo á variación do IPC.

26.- Aprobación do prego de cláusulas administrativas e inicio do expediente para a contratación da Asistencia técnica para o desenvolvemento da actividade de Creación da Marca do Comercio Compostelán.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 22.000 euros.

27.- Aprobación do prego de cláusulas administrativas e inicio do expediente para a contratación da Asistencia técnica para a elaboración de microguías de oportunidades e obradoiros de maduración de ideas dentro do Plan de Excelencia Comercial.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 13.540 euros.

28.- Aprobación do prego de cláusulas administrativas e inicio do expediente para a contratación da Asistencia técnica para a elaboración dun estudio de necesidades formativas, edición dunha guía de recursos formativos e dun catálogo de cursos e plan de asesoramento asociativo dentro do Plan de Excelencia Comercial.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo máximo total de licitación de 24.800 euros.

29.- Adxudicación da asistencia técnica para a realización dun estudo técnico de adaptación ás novas normativas sectoriais das actividades industriais existentes ou futuras no Polígono do Tambre.

Adxudícase a asistencia técnica a Jesús Conde García, por importe de 17.980 euros.

30.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa á concesión de exencións nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e por servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense as exencións.

31.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa á denegación de exencións nas taxas pola subministración de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e por servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Denéganse as exencións.

32.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa á concesión de exención no Imposto sobre Bens Inmóveis a unha Fundación.

Concédense a devandita exención.

33 a 74 - Proposta do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais nos impostos sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, sobre actividades económicas, do lixo, sobre bens inmóveis, e sobre construcións, instalacións e obras.

Concédense as devanditas exencións.

75.- Proposta da concelleira delegada do Casco Histórico relativa á encomenda de xestión ao Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela en relación co Proxecto básico e de execución de reurbanización da antiga Calzada Real "Calzada do Sar (tramo entre Cruceiro de Sar e Picaños)". Santiago de Compostela.

Apróbase a encomenda de xestión ao Consorcio.

76.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á ratificación do texto do Convenio urbanístico asinado o 4 de maio de 2007 para a obtención de terreos sitos no ámbito do SUNP-29.

Ratifícase o convenio.

77.- Proposta da concelleira delegada de Mobilidade e Seguridade Cidadá relativa á autorización para a realización de horas extraordinarias.

Autorízase a realización da hora extraordinaria de 14.00 a 15.00 h. durante o mes de xullo a dúas funcionarias do departamento de Mobilidade e Seguridade Cidadá.

78.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa á aprobación do convenio de colaboración social entre o Concello e o Colexio Oficial de Xestores Administrativos de Galicia.

Apróbase a proposta de convenio de colaboración social entre o Concello e o Colexio Oficial de Xestores Administrativos de Galicia para que estes, acadando a condición de colaboradores sociais, poidan actuar en representación dos contribuíntes e realizar trámites de transcendencia tributaria a través da administración electrónica implantada polo Concello.

79.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa aos "VII XOGOS DO EIXO ATLÁNTICO".

Autorízase o desprazamento e comparecencia en Vila Nova de Gaia desde o 9 ao 14 de xullo da delegación deportiva que representará ao Concello de Santiago nos VII Xogos do Eixo Atlántico, constituída por 93 persoas. Así mesmo, apróbase un orzamento total de 23.517 euros.

80.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Instituto de Educación Secundaria "Rosalía de Castro" para o bacharelato Internacional.

Dáse conta do devandito convenio.

81.- Dar conta da solicitude de corrección de partida orzamentaria comunicada á empresa pública de obras e servizos hidráulicos.

Dáse conta da devandita corrección.